

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de aforro en gasto público prescindibel, incremento de ingresos e de derogación da lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza**

A tramitación da **Lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza** polo procedemento de lectura única e co debate de totalidade na mesma sesión, puxo de manifesto que ese mecanismo inviabiliza na práctica o debate de calquera alternativa ou modificación sobre o texto presentado.

Así pois esa lei ademais de carecer, pola materias a tratar, da necesaria negociación cos representantes dos traballadores públicos, tampouco permitiu no tramite parlamentario a posibilidade para os grupos parlamentares de poder modificar o texto.

Non podemos esquecer que esa lei:

1º Cercena un dereito fundamental dos traballadores, neste caso do sector público, como é o de negociación colectiva, anulando ademais acordos que foran acadados a través da mesma.

2º Elimina tamén situacións laborais e conquistas sociais conseguidas ao longo do tempo en sucesivas negociacións colectivas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

3º Modifica condicións de traballo sen que se teña producido diálogo real sobre as mesmas.

4º Fai recaer novamente o peso das medidas contra a crise sobre os traballadores do sector público, algúns deles aos que no prazo de algo máis de un ano vaiselle recortar o salario tres veces: a primeira, o recorte xeral entre o 5 e o 10%, a segunda, pola subida do imposto da renda que se efectivizou a partir de febreiro, e a terceira, esta lei que a algúns empregados públicos lle recortará a súa nómina, ben pola vía directa de reducilrle a xornada, ben pola vía indirecta de eliminarlle o fondo de acción social e a cobertura do 100% en caso de enfermidade.

5º Con esta lei, unha vez máis, téntase transmitir a idea de que a responsabilidade da crise está no gasto público e no déficit, como unha cortina de fume para xustificar a degradación que están a sufrir servizos públicos básicos e xustificar tamén o seu proceso de privatización xa iniciado. Algunha das medidas o único que persiguen de xeito encuberto é recortar plantillas sin ter en conta o que pode significar de deterioro dos servizos públicos básicos, como xa está a acontecer dende que se iniciaron os recortes.

6º Representa un recoñecemento do fracaso das medidas de "austeridade" da Xunta de Galiza, xa que tres anos despois de presumir de goberno austero, de non gastar máis do que non se ten, e de reducir o gasto superfluo, resulta que toda a propaganda caese como un castelo de naipes e hai que buscar novos ingresos e recórrese a recortar dereitos e salarios aos empregados públicos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

7º Tamén representa un recoñecemento implícito do fracaso de xenerar actividade económica que provoque ingresos para o herario público. Ao final da legislatura a Xunta ten que entrar a saco nos dereitos e salarios dos empregados públicos porque, según di, necesita recursos.

8º Representa ademais ou un fracaso nas previsións ou unha tomadura de pelo ao propio Parlamento. Hai dous meses que se aprobou na cámara a Lei de orzamentos que contemplaba unhas cifras e indicadores macroeconómicos que motivaban concrecións de gasto no capítulo 1 sobre as retribucións de todo tipo dos empregados públicos, que agora se cambian. Non hai ningún dato novo, nin por suposto se aporta na exposición de motivos da lei, que teña ocorrido en Galiza en xaneiro para xustificar a mesma. Todos os datos xa eran coñecidos cando se estaban elaborando os Orzamentos no Parlamento Galego, o que representa que aquela tramitación foi un engano xa que a Xunta tiña previsto alterala ao mes de aprobada. Nin siquiera se ten producido a aprobación dos orzamentos do estado polo novo goberno central.

9º O mecanismo escollido de tramitación de esa lei impediu, na práctica, a capacidade dos grupos parlamentares de introducir cambios no texto, xa que ademais se violentou de tal xeito a tramitación que se produciu case ao mesmo tempo a toma en consideración por lectura única e a aprobación da lei, algo que para unha lei de estas características e sin acordo dos grupos é unha auténtica degradación da actividade legislativa do Parlamento.

10º Por último resulta unha inseguridade xurídica manifesta e unha atribución discrecional de alcance incerto o presunto carácter temporal da vixencia da norma sen aclarar cales serán as causas concretas que motivaran a súa vixencia, e cando



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

ademais o que se di na mesma é que se revisará aos dous anos para ver si se modificaron as condicións que a “motivaron”, o que implica que si non hai outra norma que a derroga estará vixente para sempre, como ocorre con calquera lei. Asi mesmo as facultades discrecionais da administración para aplicar algúns dos preceptos incluídos na mesma, provocará ademais situacións desiguais en empregados públicos que desenvolven o mesmo traballo

Precisamente por todo o anterior, nós queremos presentar con esta lei unha alternativa que permite incrementar ingresos e reducir gasto público superfluo. Hai xeitos de facelo e non recortando salarios, prestacións e dereitos básicos dos empregados públicos. Así poderían suprimirse as delegacións territoriais, creación deste goberno sin ningunha utilidade para o servizo á sociedade e que representan na realidade e por funcións que desenvolven a recuperación das figuras dos gobernadores civís; poderían reducirse os cuantiosísimos gastos de propaganda; podería recuperarse o imposto de patrimonio do xeito que propuxemos xa na elaboración dos orzamentos; ou introducir no tramo autonómico da renda un imposto ás rendas superiores aos 100.000 euros; podería tamén revisarse toda a política de retribucións por representación e asistencia a consellos de administración, e como non eliminar definitivamente o “Plus dos altos cargos”, etc..Ademais para evitar posibles abusos que algúns poden cometer coas incapacidades temporais, debese fomentar a actuación da inspección médica e evitar a criminalización do conxunto dos empregados públicos privandolle de percibir unha parte da súa retribución cando aínda por riba teñen a desgraza de caer enfermos. A responsabilidade, de existir “excesos” é da administración e non se pode facer recaer a súa ineficacia sobre os empregados públicos na situación mais vulnerable.




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

En calquera caso con estas medidas recaudariase ou reduciríase o gasto público en cantidades superiores aos 100 millóns de euros.

E decir pola forma en que se tramitou, sen contar cos representantes dos traballadores e sin posibilidade de modificación no trámite parlamentar; polo seu contido, deteriorando servizos públicos facendo recaer o peso da crise sobre dereitos básicos, prestacións e retribucións dos traballadores públicos; e porque hai alternativa presentamos esta Proposición de lei.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

ANTECEDENTES

- **Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia**
- **Lei 11/2011 de orzamentos xerais da comunidade autonoma para o ano 2012.**
- **Lei 16/2010 de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia.**
- **Decreto Lexislativo 1/2008 Texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia.**
- **Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, sobre Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

Exposición de Motivos:

Na situación de contracción dos ingresos públicos galegos faise necesario para manter e mesmo mellorar os recursos públicos dispoñibles para atender os servizos públicos e impedir a súa privatización, articular novos mecanismos que produzan un aforro en algunhas partidas de gasto máis prescindibel e unha mellora na recaudación de ingresos actuando impositivamente sobre as persoas que contan con máis recursos.

Ese camiño é unha vía para evitar facer recaer o peso da crise sobre os traballadores, neste caso do sector público aos que no prazo de menos de un ano recortóuselle, entre outras cousas, o salario en dúas ocasións, coa rebaixa directa ao inicio do ano entre o 5% e o 10%, e coa subida do imposto da renda.

Artigo 1: Supresión das delegacións territoriais

Suprímense as delegacións territoriais da Xunta de Galiza e todos os capítulos de gasto que teñen atribuído nos orzamentos.

Artigo 2: Eliminar gastos de propaganda

Elimínanse todos os gastos de publicidade e propaganda de diversa indole realizados polos distintos organismos e entidades do sector público e que non estean obrigados pola normativa de contratación ou pola necesaria publicidade e información de procesos públicos que así o requiran.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

Artigo 3: Supresión definitiva do “Plus de Altos Cargos”

Queda derogada a disposición adicional decimo sétima do Decreto Lexislativo 1/2008, de incremento do complemento de destino na cantidade necesaria para igualalo ao valor do complemento de destino, ou concepto equivalente que a Lei de orzamentos xerais do estado fixe para os directores xerais.

Artigo 4: Gastos de capital.


1 Non serán renovables as licenzas con empresas subministradoras de software propietario. O Goberno Galego, dende a entrada en vigor desta lei, implantará de xeito progresivo soportes baseados en tecnoloxías con software libre. Só serán autorizadas aqueles soportes altamente especializados de tecnoloxías que supoñan gasto dentro do programa do departamento si, de xeito motivado, quedara suficientemente acreditada a imposibilidade da prestación a mais baixo custo.

2 A Administración fomentará as informáticas desenvolvidas polo seu propio persoal.

Artigo 5: Retribucións de altos cargos.

1 As retribucións dos parlamentarios, altos cargos ou directivos da administración e das entidades ou organismos públicos en ningún caso superarán o importe establecido no indicado concepto dos orzamentos anuais para o Presidente da Xunta.

2 Non se percibirán indemnizacións en concepto de asistencia a consellos de administración ou órganos colexiados, nin gastos de representación para todo o persoal que perciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

3 O Consello da Xunta de Galiza adecuará as retribucións e percepcións económicas de calquera natureza dos órganos unipersoais e colexiados das entidades que integran o sector público autonómico de Galiza, así como do persoal directivo que desempeña as súas funcións nas mesmas, a fin de se equiparen ao disposto para o persoal da administración galega con responsabilidades análogas.

Artigo 6: Inspección Médica

Fomentaranse as actuacións da inspección médica dirixidas ao control do absentismo laboral argumentados en causas de saúde.

Artigo 7: Incremento de ingresos tramo autonómico da declaración da renda

Aprobase un novo tramo na escala autonómica do Imposto da Renda das Persoas Físicas para todas as persoas contribuintes con Bases Liquidables superiores a 100.000 euros que tributarán a partir do exercicio de 2011 inclusive a un tipo marxinal aplicable do 25,5%.


Artigo 8: Imposto do Patrimonio

1. Modifícase o artigo 13 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

Artigo 13. Mínimo exento.

O mínimo exento no Imposto sobre o Patrimonio establécese en 300.000 euros.

2 Engadese un novo artigo 13Bis ao Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

Artigo 13Bis. Escala autonómica do Imposto sobre o Patrimonio

Os tipos da escala autonómica, de aplicación na Comunidade Autónoma de Galiza, do imposto sobre o patrimonio serán os seguintes:

Base liquidable Ate euros	Cota integra Euros	Resto Base liquidable Ate euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0,00	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.337,00	334.246,87	1,0
668.499,75	4.178,10	668.499,76	1,8
1.336.999,51	14.539,86	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	43.285,35	2.673.999,02	3,4
5.437.998,03	116.820,32	5.347.998,03	4,2
10.695.996,06	295.978,25	en diante	5,0

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza poderán modificar a escala prevista neste artigo.”

Artigo 9: Persoal de Gabinete

Reduciranse a metade os gastos de persoal eventual dos distintos departamentos.

Disposición Adicional Primeira

1 Facultase ao Consello da Xunta de Galicia a aprobar todas aquelas normas e adoptar todas as medidas necesarias para a plicación desta lei.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

2 Facultase a todos aqueles órganos administrativos que teñen competencias en materia de persoal para ditar aquelas disposicións necesarias para a aplicación desta lei.

Disposición Adicional Segunda

Facultase a Consellería de Facenda para efectuar os axustes nos créditos correspondentes para que o aforro producido no gasto e o incremento de ingresos derivado das disposicións contidas nesta lei, se dediquen as partidas destinadas a atender os servizos públicos básicos.

Disposición derogatoria

Consideranse derogadas, todas aquelas leis ou normas que contradigan esta lei e en especial a **Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza.**


Disposición final.

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no D.O.G.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2012.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2012 11:42
Nº Rexistro: 79028
Data envío: 05/03/2012 11:42:56.455

Ana Belén Pontón Mondelo na data 05/03/2012 11:40:44